

Programa

## Conferencias

mércores, 8 de novembro dende as 12:00 horas

### Mesa Redonda: Música e Xornalismo

Poñentes:

Iago Martínez Durán

Jorge Lamas

Salvador Garcia Cal

Xurxo Souto

Moderador: Julio Gómez

Sala I do Edificio Miralles  
Cidade Universitaria, Campus Universitario de Vigo  
\*Entrada libre

## Concertos

xoves, 9 de novembro dende as 17:00 horas

17:30 h

### Elodio y los Seres Queridos +

19:00 h

### Ms. John Soda

Teatro Roberto Vidal Bolaño  
Cidade Universitaria, Campus Universitario de Vigo  
\*Entrada libre ata completar aforo

#### Información

Vicerreitoría  
de Extensión Cultural e Estudantes  
Edificio Miralles  
Campus Universitario de Vigo  
email: [vicext@uvigo.es](mailto:vicext@uvigo.es)  
[www.extension.uvigo.es](http://www.extension.uvigo.es)

tel: 986 813 626

organiza:



colabora:



Sonora  
inverno

Sonora  
inverno

Conferencias  
Mesa Redonda:  
Música e Xornalismo

Concertos  
Elodio y los Seres  
Queridos +  
Ms. John Soda



Outro curso máis a actividade cultural achégase á Universidade de Vigo para facer do Campus un punto de encontro entre as Artes e as Ciencias. Precisamente unha das manifestacións que mellor soubo adaptarse durante todos estes anos ás imparables transformacións tecnolóxicas foi a música popular, un imán para cada sinal sonoro que fabrica a ciencia moderna. Esta permeabilidade ten dado o longo da súa historia innumerables satisfaccións e son moitos os públicos identificados soamente coas pequenísimas evolucións electrónicas que acontecen nos instrumentos clásicos: pensemos nese son que saíu por vez primeira da guitarra de Hendrix, no Scratch dun vinilo que xurde do xiradiscos, ou nese "acople" característico dos amplificadores de válvulas cando aproximamos unha guitarra eléctrica. Falamos de matices que sen embargo desenvolven todo un movemento socio cultural de grande transcendencia para entender as diversas estéticas contemporáneas. E por esas fai dous anos a Universidade de Vigo iniciou un espazo propio dentro da súa programación cultural adicado a recoller as implicacións da fenomenoloxía acústica na Música de hoxe en día: SONORA. O encontro das músicas contemporáneas na Universidade de Vigo.

Como acontecera nas pasadas edicións Sonora divídese en dúas partes: inverno e primavera. E tamén seguindo as pautas anteriores, Sonora, ademais de ser o escenario dos sons actuais, quere ser unha plataforma de debate, de reflexión, de comunicación entre a Arte e os seus públicos, plantexando as inquedanzas que as novas tecnoloxías presentan na sociedade de hoxe en día.

No 2005 tivemos unhas xornadas adicadas ao Copy Left e a reivindicación que moitos colectivos da Rede ven de expor por unha era da información libre e solidaria. E nesta oportunidade, coa casualidade da presenza no noso escenario do grupo galego "Elodio Y Los Seres Queridos" e o seu popular tema "España a las Ocho" (nome do coñecido programa radiofónico de Radio Nacional España-Radio 1) propomos un encontro entre a Música e os Medios de Comunicación. Queremos coñecer como o xornalismo tradicional convive cos novos canais de difusión, pero sobre todo pretendemos escoitar aos profesionais da información para que nos acheguen ás súas preocupacións e falen ata onde camiña o xornalismo musical do Século XXI.

Esto será o inverno en Sonora 2006, un lugar para o ocio cos directos de dous grupos representativos da escena actual, os vigueses "Elodio Y lo Seres Queridos" e os alemáns Miss John Soda (un dos concertos revelación da pasada edición do Festival de Benicàssim), e o debate coa presenza dos principais xornalistas musicais de Galicia.

Benvidos.

Mª del Carmen Cabeza Pereiro  
Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes



**mércores 8**  
**Mesa redonda:**  
**Música e xornalismo**  
 dende as 12:00 h

**Jorge Lamas.**

Comezou nos medios de comunicación traballando en Antena 3 de Radio, facía daquela un musical titulado Autopista 3, no que se repasaba a actualidade dos grupos vigueses a través das súas maquetas. Máis tarde, traballou para Onda Cero e Radio Voz, xa asumindo tarefas informativas máis amplas. Na actualidade traballa como xornalista e na sección de Sociedade e Cultura do diario La Voz de Galicia en Vigo.

**Salvador García Cal.**

Dende o ano 2003 é o Director de Programas e Emisión Radiofónicas dos medios integrados en Radio Vigo Grupo de Comunicación (Cadena SER, 40 Principales, M80 Radio, Cadena DIAL e MAXIMA FM). Asimesmo e o responsable do desenvolvemento do proxecto MAKETON ESTRELLA GALICIA, que no concepto radio leva mais de 16 anos en antena e que nos últimos 6 anos dimensionouse a outras áreas como son a creación do Portal Web reflexo do que está sucedendo na escena musical galega e que sen dúbida e a maior referencia dos afeccionados, grupos e artistas galegos na rede.

**Poñentes:**

Iago Martínez Durán.  
 Jorge Lamas.  
 Salvador Garcia Cal.  
 Xurxo Souto.  
 Moderador: Julio Gómez.

**Iago Martínez Durán.**

Vigo, 1979. Licenciado en Ciencias da Información na Universidade de Santiago, onde está a facer un doutoramento en Filoloxía Galega. Actualmente traballa en TEMPOS Novos, logo de pasar por Atlántico Diario e 20 Minutos, e mantén colaboracións estables en Mondosonoro e Popchild.com.

**Xurxo Souto**

Foi integrante do grupo musical “Os Diplomáticos de Monte Alto” na década dos 90, precursores do movemento “Galicia Bravú”. Tamén foi un dos portavoces do movemento social “Nunca Máis”. Actualmente dirixe o programa musical “Aberto por reformas” na Radio Galega.



**xoves 9**  
**Xornada de concertos**  
 dende as 17:00 h

**Elodio y los seres queridos (Vigo)**

Recen pasada a trintena, Eladio Santos pode presumir de contar cunha traxectoria musical abraiante. O vigués formou parte de 'The Foggie Mental Breakdown', creou 'Los Tres Sudamaricones' e a parella de feito 'Tony Lomba e Elio dos Santos'. Máis tarde liderou grupos como 'Starlux' e 'Medusa'. Actualmente está ao fronte do proxecto 'Elodio y los seres queridos' co que editará neste outono o seu primeiro traballo. O seu novo proxecto é un cruce galáctico e galaico entre Bambino, Astrud e Beck... Cantautor electrónico tan ilóxico como certo, irónico e sedutor a partes iguais, Eladio sorprende e cautiva a todos os que se achegan a escoitalo, porque ademais dun grande compositor e un "león" de escenario.



**Ms John Soda (Moor music - Alemania)**

A historia de Ms. John Soda iníciase fai xa uns cantos anos, cando Stefanie Böhm e Micha Acher dan por finalizada a súa aventura como Ogonjok e deciden reinventarse baixo un novo nome. Coñecémoslos grazas a súa contribución no recopilatorio “Putting the Morr back into Morrissey”, esa maravillosa homenaxe ao señor dos Smiths que, sen pretendelo, converteuse na Biblia diso que alguén bautizou como música indie-trónica ¿acordádesvos? Aí estaban Lali Puna, por suposto, Styrofoam, ISAN e moitos máis... Foi o principio dunha historia que aínda

dura. Foi o pistoletazo de saída dunha nova xeración de músicos que, dende multitude de proxectos, reconduciron a canción cara aos dominios da electrónica. Por entón, os mozos de Ms. John Soda xa tiñan unha importante bagaxe as súas costas. Stefanie saía das filas de Couch e Micha era o responsable xunto ao seu irmán Markus (tamén en Lali Puna) de The Notwist, ese grupo que no 98, con “Shrink”, xa empezou a poñelo todo patas para arriba. Pop e electrónica?. Pero iso non estaba inventado xa? Tal vez, pero deste xeito non. Grazas ao seu soberbio debut “Non p. or d.” Ms. John Soda converteuse de inmediato nun nome crave dentro do catálogo de Morr Music. Pasaron os anos e, como todo o bo faise esperar, as cancións de Ms. John Soda aparecían en contagotas. Cada nova canción, cada novo ep, producía suspiros á espera de algo en formato longo. E este ano, por fin, tróxonos un segundo álbum. “Notes & the Like” viña confirmar o que xa non necesitaba confirmación. O grupo encabezado por Stefanie e Micha conseguiran, outra vez, un disco inagotable, de cancións redondas. Donos, definitivamente, dun son propio que tanto en disco como sobre o escenario, deixa abofé o lugar que Ms. John Soda ocupan

na actual escena musical (foron un dos mellores directos da pasada edición de Benicassim 2006). Como os seus curmáns Lali Puna, Ms. John Soda son ante todo grandes músicos, artistas que maduran e melloran con cada paso que dan. Non hai dúbida, se houbese que escoller ao grupo máis adulto da era indie-trónica serían eles.

